

BASES DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026, DA LIÑA 3 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE OIMBRA: PROGRAMA “ViveOímbra”.

1. OBXECTO: Constitúe o obxecto das presentes bases :

1.- O obxecto desta liña de subvencións é a fixación de poboación no Concello de Oímbra, a través do fomento do aluguer de vivendas baleiras (que pasen a ser residencia habitual e permanente do arrendatario).

2.- Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Réxime Xurídico, solicitude, tramitación e concesión de axudas mediante a financiación por parte do Concello de Oímbra, durante un máximo de 12 meses consecutivos do seguro de impago da renda do aluguer, daquelas vivendas situadas dentro do ámbito territorial do concello de Oímbra, que foran incorporadas ao Programa “ViveOímbra” e cuxo contrato de arrendamento fora formalizado no marco do mesmo Programa.

2. BENEFICIARIOS:

Serán beneficiarios das subvencións obxecto destas bases os propietarios de vivendas situadas dentro do ámbito territorial do concello de Oímbra, **as cais, foran incorporadas antes da solicitude ao Programa “ViveOímbra”**, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser propietario dunha vivenda situada dentro do ámbito territorial do Concello de Oímbra, que reúna unhas condicións mínimas de habitabilidade, e que estea incorporada previamente ao Programa “ViveOímbra”.

b) Subscribir en calidade de propietario-arrendador un **contrato de arrendamento** da vivenda en cuestión.

c) Que a vivenda arrendada constitúa, durante todo o período polo que se conceda a axuda, a **residencia habitual e permanente** do arrendatario, o cal implica empadroarse na vivenda obxecto do aluguer. (Esta cuestión será ratificada a través do padrón Municipal de habitantes).

d) Ser maior de idade.

e) Ter nacionalidade española ou residir legalmente en España.

f) Non ter relación de parentesco, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado coas persoas arrendatarias.

g) Estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas co Concello de Oímbra nin con ningunha administración pública e coa seguridade social.

h) Cumprir cos requisitos para ser receptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideraranse gastos subvencionables os derivados da subscripción do seguro de impago da renda do aluguer, durante un máximo de 12 meses consecutivos.

4.CONTIA DA AXUDA

O Concello de Oímbra ten contemplado no seu Orzamento 2026, aprobado definitivamente, unha partida específica, a 152.48 para conceder axudas ao pago do seguro de impago do aluguer no marco do programa “ViveOímbra”, importe que será o límite das axudas a recoñecer, porén, se fora preciso, o Concello poderá incrementar o dito importe inicial.

5. PROCEDIMENTO

A solicitude de axuda (Anexo I) presentarase no Rexistro Xeral ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a mesma deberá acompañarse da seguinte documentación:

1.Documento acreditativo da propiedade da vivenda, situada dentro do Concello de Oímbra.

2.DNI do arrendador e do arrendatario, ou documento análogo.

3.Declaración xurada do propietario, relativa á habitabilidade da vivenda obxecto de aluguer. Anexo I

4.Declaración xurada do futuro inquilino (arrendatario) de que posúe capacidade económica para facer fronte ao pago do aluguer, e que cando lle sexa requerido

presentará a documentación que xustifica a capacidade económica. Anexo II

5. Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas co Concello de Oímbra nin con ningunha administración pública e coa seguridade social, así coma que se cumpre cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Anexo I

Examinada a documentación, a Alcaldía concederá un prazo de ata dez días hábiles para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Concluído o trámite de emenda de deficiencias, a AEDL do Concello de Oímbra, comprobados todos os requisitos, recabados todos os datos precisos para poder obter a viabilidade da subscripción do seguro de impago e demais trámites necesarios para a formalización do contrato de aluguer, emitirá informe no que se procederá a formular a proposta de resolución, a cal terá que ser ratificada pola Xunta de Goberno Local.

O acordo da Xunta de Goberno Local será notificado ao solicitante e ao futuro arrendatario.

6. PAGAMENTO DA AXUDA

O pago da axuda realizarase polo Concello de Oímbra directamente á Compañía aseguradora, en cuxo recibo figurará como tomador do seguro o propietario da vivenda e como pagador o Concello de Oímbra.

7. RESPONSABILIDADES

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, caso de habela percibido xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

O reintegro da axuda, cando proceda, esixirase pola vía administrativa de constrinximento.

8. INCOMPATIBILIDADES E CONCORRENCIA.

Esta subvención será compatible con calquera outra establecida nos distintos programas para vivendas das administracións públicas ou organismos privados.

En ningún caso a concorrencia con outras axudas ou subvencións poderá ser superior ao 100% .

9. PERSOAS EXCLUÍDAS .

Non poderán obter a condición de beneficiarias do programa regulado nestas bases as persoas nas que concorran as circunstancias sinaladas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de Xuño de Subvencións de Galicia, normativa que terá o carácter de supletorio en todo o non previsto nas presentes bases así coma as persoas debedoras da facenda local.

10. RÉXIME XURÍDICO

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Os Contratos de arrendamento quedarán sometidos ás disposicións contidas na Lei de Arrendamentos Urbanos vixente.

11. CONSENTIMENTOS, AUTORIZACIÓNS E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL .

De conformidade coa Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas, o Concello de Oímbra poderá publicar a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesarios dos datos das persoas beneficiarias.

Darase cumprimento ao disposto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, respecto dos datos persoais recollidos na tramitación desta subvención, Anexo I normalizado.

12. PRAZO PARA PODER SOLICITAR A SUBVENCIÓN.

Esta subvención poderá solicitarse durante todo o ano 2025, a partir da data de publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

(Anexo I)

D./Dña.....maior de idade, provisto/a do
D.N.I. num.....con domicilio a efectos de notificaciónes
en.....e tfno. de
contacto.....

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a da Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oímbra do ano 2026, así como das Bases da Convocatoria para a presentación da solicitude de subvencións do programa “ViveOímbra”.

Que cumpro os requisitos para poder acceder a esta liña de axudas para o financiamento do seguro de impago da renda do aluguer durante un máximo de 12 meses consecutivos, da vivenda da miña propiedade situada dentro do ámbito territorial do concello de Oímbra, a cal xa foi incorporada ao Programa “ViveOímbra”, e cuxo contrato de arrendamento será formalizado no marco do mesmo Programa.

Que a vivenda da miña propiedade obxecto de solicitude de axuda sita no Concello de Oímbra.....
.....con Ref. catastral nº..... cumpre cos requisitos de habitabilidade.

Que estou ao corrente nas obrigas tributarias e non teño débedas co Concello de Oímbra nin con ningunha administración pública ou coa seguridade social.

Que cumpro cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Que autorizo ao Concello de Oímbra a incorporación e a publicación dos datos persoais e/ou da propiedade falicitados, a Campaña aseguradora, na páxina web municipal ou no taboleiro de anuncios do Concello .

Por todo, **SOLICITO:**

Que me sexa concedida a axuda prevista na Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oímbra do ano 2025, para a subscripción dun seguro de impago do aluguer, (durante 12 meses consecutivos) da vivenda da miña propiedade, sita no Concello de Oímbra.....con Ref. catastral nº.....

Para o cal, presento xunto co Anexo I, os seguintes documentos:

- Documento acreditativo da propiedade da vivenda, situada dentro do Concello de Oímbra.
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do DNI da persoa coa que se vai levar a cabo o contrato de aluguer.



-Declaración xurada da persoa coa que se vai levar a cabo o contrato de aluguer de que posúe capacidade económica para facer fronte ao pago do aluguer, e que cando lle sexa requerido presentará a documentación que xustifica a capacidade económica.

Oímbra, a de de 2026

ASDO:

ANEXO II

D/Dna.....
.....DNI....., e con domicilio a efectos de notificación
en.....
.....

En relación coa Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oímbra do ano 2025, así como das Bases da Convocatoria para a presentación da solicitude de subvencións do programa "ViveOímbra", en calidade de futuro inquilino (arrendatario) da vivenda ref. catastral.....sita no Concello de Oímbra na dirección.....

DECLARO baixo a miña responsabilidade,

1º) Que posúo capacidade económica para facer fronte ao pago do aluguer da vivenda sinalada no parágrafo anterior.

2º)Que cando me sexa requerido presentarei a documentación que xustifica a capacidade económica, a efectos de poder obter a viabilidade da subscripción do seguro de impago e demais trámites necesarios para a formalización do contrato de aluguer

E para que así conste e surta os oportunos efectos ante o Concello deOímbra, asino a presente en Oímbra, ade.....de 2026

ASDO.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE OIMBRA

Asdo.: Ana Mª Villarino Pardo